

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2026 pola que se resolve parcialmente o proceso de selección de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunus (código de procedemento IN859A).

A Axencia Galega de Innovación (Axencia), dada a súa condición de organismo público de investigación tal e como recolle a Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, poderá contratar persoal investigador en réxime laboral mediante as modalidades contractuais recollidas na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Mediante a Resolución do 9 de abril de 2026 (DOG núm. 78, do 28 de abril) anunciouse a convocatoria de seis postos de persoal investigador, conforme o establecido no Decreto 64/2016, do 26 de maio, polo que se regula o réxime de contratación de persoal investigador dotado cunha bolsa do ERC, no marco do Programa para a xeración, captación, retención e recuperación de talento investigador en Galicia (programa Oportunus).

Finalizado o proceso de selección da praza número 1 correspondente ao dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades. Panel: SH6. O estudo do pasado da humanidade, de acordo co sinalado no artigo 13 e seguintes da convocatoria, o tribunal elevou á Dirección da Axencia Galega de Innovación a proposta a favor do aspirante seleccionado.

Por todo iso, en virtude das atribucións do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro. Contratar como persoal laboral da Axencia Galega de Innovación, na modalidade de investigador distinguido, a persoa que se indica no anexo.

Segundo. Contra esta resolución cabe interpor recurso de alzada perante a Presidencia da Axencia Galega de Innovación no prazo dun mes contado desde o seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2026

Carmen Cotelo Queijo
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: iivf7ie5-hdz0-tf17-4f71-mfr32it7fax4



ANEXO

Praza número 1.

Dominio ERC de Ciencias Sociais e Humanidades. Panel: SH6. O estudo do pasado da humanidade: Marco Armiero (**8176**).

Bolsa ERC: Advanced Grant.

CVE-DOG: iivf7ie5-hdz0-tf17-4f71-mfr32it7fax4

